

Crónicas do Teatro no Morrazo

Non hai hoxe en Galicia e mesmo no estado español unha comarca que, con tan poucos quilómetros cadrados e co seu número de habitantes, desenvolva tanta actividade teatral: lugar

de residencia de compañías profesionais, grupos de teatro afeccionado e escolar, mostras e circuitos de teatro, programación regular e un público habitual... Este dinamismo ben merece unha ampla crónica que hoxe co-

meza, desde os albores do século pasado ata a actualidade. Coordinada por Antón Llamapereira, mestre e animador teatral, está feita por estudiosos da historia local.

O teatro en Bueu 1900-1960 (I)

O historiador Arturo Sánchez Cidrás fai constancia documental da labor teatral neste municipio

ARTURO SÁNCHEZ CIDRÁS (*)

Cando comeza a actividade teatral no concello de Bueu? Quen son os promotores, responsábeis, benfeitores... da mesma? Quen conforma os grupos de Teatro e Declamación? Que tipo de obras representaron? Cal era o grao de participación da xente nestes actos? ...

A esta e outras preguntas arredor da actividade teatral do concello de Bueu tentaremos darlle resposta nestes artigos. Respostas que, algunhas delas, puideran, por afinidade social e cultural, seren extrapoladas aos concellos da contorna e quizais moitas delas evocarían á súa vez outras preguntas que de poñelas na boca dos protagonistas derivarían con moita probabilidade en enfrontamentos dialécticos a semellanza dos Razamentos Xusto e Inxusto de 'As nubes' de Aristófanes. Nós non entraremos en debate senón máis ben tentaremos ser expositores dunha actividade lúdico-cultural que ao longo do século XX deleitaba a unha poboación desexosa de vivir outras vidas ou simplemente de evadirse ao través das historias interpretadas por outros. Coma moito interviremos dando unhas pequenas e case que diluídas pinceladas ao decorado do teatro en Bueu.

Non fai falta remontarse á época clásica da antiga Grecia, e posteriormente Roma, para ver o arte dramático coma un elemento importante de cultura e goce social. Mesmo se damos un grande salto no tempo e nos achegamos á época da reconstrución da antiga igrexa románica de Santiago de Ermelo (s. XII) veríamos que por esas datas o papado tentaba abolir as representacións e espectáculos teatrais que como costume inmemorial víñanse celebrando polas festas relixiosas nos mesmos templos e nos que moitas veces o clérigos participaban coma actores mesturando os misterios relixiosos cós praceres e miserias humanas. Polo que non é de estrañar que o papa Inocencio III chegara a prohibir aos curas participar neste tipo de farsas introducidas nas representacións sagradas.

Esta idea fíxolle escribir a Eugenio Ochoa no seu tratado sobre a historia do teatro "Tesoro del teatro español" (1838): "As festas eclesiásticas foron, en efecto, as que deron ocasións aos nosos primeiros ensaios na arte escénica. Os individuos dos cabidos foron os nosos primeiros actores..." Ao que teríamos que engadirlle: Con permiso dos actores que actuaron ao longo de séculos na máis da decena de grandes teatros da Hispania romana...!

No caso de Bueu o illamento territorial permitiu a autoxestión da actividade cultural lúdico-creativa no que, ao igual que noutros pobos da



José López Díaz e Carmen Gelpi. // Arquivo de Carmen Santos



Un dos antigos anfiteatros romanos na Península Ibérica.

contorna, o teatro afeccionado serve, coma un instrumento máis, para rachar ese estar afastado de actividades de entretemento de vilas, no caso como Pontevedra ou Vigo, cunha estrutura cultural máis estábel.

1900 - 1919

Con anterioridade a 1900 non hai constancia documental de labor teatral no concello de Bueu. Pero iso non indica que non houbera tal actividade, máis ben dedúcese todo o contrario ao estudar o tratamento que ten esta cando aparece por vez primeiras nos medios de comunicación, coma a prensa local "La voz de Bueu" (1904-1906). O fai cunha viveza descritiva que denota tradición e continuidade non só nas persoas que dirixían aos grupos senón na varie-

dade de locais onde se representaba: Salón Paraíso, salón do Sr. Pardo, de Antonio Domínguez, Atador do Sr. Bolívar, Círculo Mercantil, Recreo Gimnasio de Artesanos de Bueu, etc.

Serían estes inicios do século XX cando a profesora Matilde Bares Giráldez colle a batuta organizativa destes eventos e comeza a súa importantísima labor de promotora, directora, coordinadora, etc. dun grande número de funcións teatrais, actos de declamación, pequenos concertos musicais... Polo que non é de estrañar que a primeira referencia documentada, primaveira do 1904, dun evento teatral en Bueu a teña como promotora-directora e, para máis novidade, dunha pequena obra en lingua galega do escritor e xornalista Javier Valcarce Ocampo titulada "Miña sogra no inferno". Desta obra só coñe-



Prensa local "A Voz de Bueu". // Arquivo do autor



Tarxeta de agradecemento da Sociedad Recreo Gimnasio de Bueu por unha actuación de Lolita Pais. // Arquivo Loli Docampo



Matilde Bares. // Arquivo do autor

FICHA PERSOAL

■ Arturo Sánchez Cidrás é veciño de Bueu e foi mestre no colexio de A Pedra. É un dos maiores coñecedores e investigadores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e un blog sobre historias da vila [acidras.blogspot.com.es]

mos que o papel do protagonista "Gregorio Cachamuzas" o representou José López Díaz "O Forno", personaxe que chegaría a ser o primeiro presidente da SD Bueu, segundo propietario que tivo o cine Victoria de Bueu... Esta obra con algunha outra son excepcións en canto á utilización do idioma galego polo menos ata principio dos anos 80 do século pasado período no que comezou a notarse un xiro de achegamento ao noso idioma.

Nese mesmo mes de abril de 1904 houbo a representación, neste caso no salón do Sr. Pardo, dunha comedia en cinco actos titulada "El pelo de la dehesa", do comediógrafo e escritor Manuel Bretón de los Herreros. Todos os actores eran afeccionados locais coma Pura Galup, Benito Pardiñas... Nos entreactos tamén actuou

unha rolda de Bueu dirixida por Eugenio Carballo.

Con algunha incorporación, como o que sería alcalde de Bueu e Presidente da Deputación Provincial D. Ramón Domínguez pero practicamente co mes-

mo elenco de actores, no mes de maiorepresentase a segunda parte de "El pelo de la dehesa" co título "Don Frutos en Belchite", de Bretón de los Herreros e, para completar o acto, outras pequenas obras.

No mes de xuño, e no mesmo salón do Sr. Pardo, actuou o primeiro grupo profesional foráneo do que temos constancia documental. Da que só sabemos que era unha compañía dramática e que estaba dirixida polo tamén actor Antonio Sánchez Palma.

Tamén houbo veladas de zarzuela, que por ser un xénero que combina declamación, cantos e partes instrumentais atraía a moita xente (como ocorreu en 1916 do xoves 18 de xaneiro ata domingo 21 que se esgotaron as entradas no Círculo Mercantil). Puxérase en escena "El Puñao de Rosas", "La reina Mora" e o "Pobre Valbuena", recibindo merecidos aplausos as señoritas Rubio, Millagrosa e León e os señores Artiaga, Presilla, Ibáñez" (estes dous últimos eran os directores).

Das dúas primeiras décadas do s. XX non temos moitas referencias máis agás dunha pequena recensión de José M^a Estévez que sinala que "no atador da casa Bolívar houbo funcións por afeccionados".

Tamén por estas datas habería que mencionar a unha nena que comezaba a despuntar coma 'canzone-tista' e que chegou a ser un referente na canción e no teatro bueuense ao longo de varias décadas, refírome á coñecida en Bueu coma Lolita Pais.

É de supoñer que en paralelo á actividade interna de grupos afeccionados segue a haber unha actividade 'esporádica' de compañías ambulantes que viñan de fóra. Pauta que se repite e se constata ao longo doutros períodos posteriores.

■ *As persoas que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com*

Crónicas do Teatro no Morrazo

O día de San Martiño de 1920 inaugurouse en Bueu o cine "Victoria" que, como anunciaba a prensa, foi o "primeiro salón cinematográfico estábel da vila. Dispoñendo dun proxector

Power's 6B con indutor, fabricado en Norteamérica", o seu propietario era o secretario do concello D. José Corvide González. O cine posibilitou un dos períodos máis frutíferos da actividade teatral de Bueu que o investiga-

dor local Arturo Sánchez Cidrás documenta nesta segunda entrega de "Crónicas do Teatro no Morrazo". Coordinadas polo director teatral e da Revista Galega de Teatro (RGT), Antón Lama-

O teatro en Bueu 1900-1960 (II)

A inauguración do cine "Victoria" en 1920 abre un dos períodos máis frutíferos da actividade teatral na vila

ARTURO SÁNCHEZ CIDRÁS (*)

O evento da inauguración do cine "Victoria" incidiría na competencia, ao igual que en moitas outras localidades, entre o cinematógrafo e o teatro no seu conxunto. Pero tamén a aparición dun local onde se dan as condicións de aforo e servizo escénico máis axeitado que posibilitou, no caso de Bueu, que nos atopemos cun dos períodos máis frutíferos e documentados da actividade teatral deste concello tanto de grupos afeccionados, pouco máis dun 75%, coma de compañías profesionais, case que un 25%.

Se exceptuamos as representacións escolares, infantís e xuvenís da escola de Matilde Bares que facían pequenas representacións teatrais mesturadas con declamación de poesías, a procedencia social dos adultos compoñentes ou actores das veladas musico-teatrais son persoas de relevancia cultural/social da comunidade bueuense pertencentes maioritariamente a familias de status medio e alto: comerciantes, escribentes, salgadoiros, armadores, obreiros cualificados, etc. se ben no caso das mozas había algunha de procedencia máis humilde. As mesmas comparsa/murgas do entroido son tamén xermola de actores para as representacións teatrais, musicais, etc. No caso de Bueu destaca a utilización tamén deste recurso á "presidenta" de murgas como foi Dona Matilde Bares.

É un tempo onde moitas das veladas teatrais seguen a xirar arredor da mestra Matilde Bares e como exemplo temos a representación (1920) na súa casa-escola da obra «El padrón municipal», na que interviñeron Eugenia Domínguez, Eugenio Paz, Luís Novas, Sofía Gómez, José M^a Estévez, ... Ou outras das que temos constancia directa como son as da primavera do 1926 onde o día de San Xosé (19 de marzo) no cine Victoria os alumnos de Matilde Bares representan «La muñeca» de Saiz, o monólogo de Pi y Azuaga: «El juez» e «Las Travesuras de Lola» de M. Monje. Gran actuación de Sofía Gómez, coas irmás López, Josefa e Rosa Mariño, as nenas Concha Reboiras Otero, Carmen Otero e Lolita Pais.

A finais do mes seguinte a mesma Matilde Bares encargouse de ensaiar para unha xornada lírico-dramática organizada polo señor José Madrigal coa finalidade benéfica de adquirir unha imaxe para a parroquia. Neste acto aos mesmos actores mencionados engadíronselles Amparo e Lola Miranda, Esperanza Novas, Carmen Otero, Avelina Piñeiro, Carmen Santos, M^a Teresa González e, coma actores, Jarino. Como pianistas o fixeron: Esther López, Salva-



A mestra e promotora do teatro en Bueu Matilde Bares (no centro) e a murga Los Aragoneses. // Arquivo do autor

FICHA PERSONAL

■ Arturo Sánchez Cidrás é veciño de Bueu e foi mestre no colexio de A Pedra. É un dos maiores coñecedores e investigadores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e un blog sobre historias da vila [acidras.blogspot.com.es]

dor Lago e as irmás Eugenia e Amalia Bolívar.

Ao longo do decenio de 1920 moitas foron as compañías profesionais que pasaron polo Salón Victoria de Bueu: Róvert Martí, de Francisco Bautista, de Dopena, Víctor G. Navarro, etc. Eran compañías de varietés, zarzuela, cómicas, dramáticas, etc. algunhas da cales permanecían no pobo máis dunha semana cun repertorio diverso como a compañía cómico-dramática de Francisco Bautista que o fixeron actuando con obras dos Irmáns Quintero, «Secretico de confesión», «Solico en el mundo», «Los fugitivos», «Agua milagrosa» desde o xoves 28 de decembro 1922 ata

Cine Victoria
BUEU

Velada Lírico-Dramática
por afeccionados de esta localidade, que se celebrará el sábado 24 de Abril 1926, a beneficio de la recaudación para adquirir una imagen.

PROGRAMA

1.º La hermosa lección moral en un acto y en verso de D. Ignacio Garcés.

EL CASTIGO DEL ORGULLO

2.º El pasatiempo lírico en verso, letra de M. Monje y música de R. Sánchez

La Virgen de la Montaña

3.º El monólogo dramático, original de F. Pi y Arsuaga

EL DESAFÍO

4.º Juguete cómico en prosa de M. Monje

LA LUGAREÑA

5.º El cuadro trágico-histórico en verso por F. Pi y Arsuaga

LA TRAGEDIA DE SAGUNTO

6.º La bonita canción gitana, letra de A. Blázquez y música de Hernández García

DE POBLADO EN POBLADO

A las NUEVE EN PUNTO

Butaca, VIII pta. — General cincuenta céntimos

Un repertorio do Cine Victoria. // Arquivo autor

CINE VICTORIA
BUEU

Función Teatral del 29 de Marzo de 1928

1.º Sinfonía por la Orquesta, dirigida por la Sra. Esther

2.º La comedia en un acto y en prosa de Luis Buceita, titulada

LECCIÓN DE CELOS

REPARTO

Lola, Josefita Vidal
Sofía, Manuela López
Soledad, Carmen Barreiro
Colina, Carmen Estévez
Gil, José M. Estévez
Julio, Luis Novas

3.º La aplaudida canciónista LOLITA PAIS, interpretará el cuplé titulado

JULIAN

4.º El apropósito lírico de costumbres gallegas, en tres cuadros y en verso de José M. Barreiro, música de Angel Rodiño, que se titula

LA VIRGEN DE LA ROCA

REPARTO

Carmela, Conchita Reboiras
Tío Pedro, José López Díaz
Juan de Otero, José M. Estévez
Pericho, Luis Novas
Sr. Cura, Francisco Piñeiro,
Gaiteros, mozos y mozas

En esta obra se estrenará un notable decorado del pintor Ernesto Bao

5.º La gallegada de D. Manuel Lago González, música de Torres Croo, denominada

FLOR NOVA

Cantada por Margarita Lis, Carmen Castizo, Pita Vidal, Manuela López, Carmen Estévez, Conchita Reboiras, Lolita Pais, Carmen Barreiro, Salvador Santos, Julio Otero, L. Novas, José Bernárdez, J. M. Estévez, Jacinto González y F. Piñeiro.

6.º Ronda de los enamorados de la zarzuela de Fernández Sevilla y Carreño, música de Soutullo y Vert, titulada

LA DEL SOTO DEL PARRAL

Cantada por el coro camorado anteriormente

7.º Fin de fiesta. La murga de la zarzuela

La Marcha de Cadiz

Interpretada por Lolita Pais, y los Sres. López, Novas y Estévez

A las NUEVE y media de la noche

Un repertorio do Cine Victoria. // Arquivo autor

mén que a Compañía Dopena, cun elenco de dezaioito actores estiveron case todo o mes de xullo (do 3 ao 29) de 1923 na que entre outras obras puxeron en escena unha zarzuela de Jesús Ardenius.

Pouco a pouco durante este decenio van tomando a testemuña das múltiples veladas teatrais representadas en Bueu outros veciños como Anselmo Martínez (en Beluso), Luís Novas, José M^a Estévez, etc. Pero ao que destacamos pola relevancia e proxección no mundo do teatro é Luís Buceta Mera.

Luís Buceta Mera, avogado, redactor de La Nación, e nos anos que estivo en Bueu publicou en Faro de Vigo e El Pueblo Gallego. A Bueu cantou no repetidas veces o máis coñecido foi o poema "Así es Bueu" onde describe a xeografía e a alma deste pobo no ano 1927. Foi nomeado oficialmente Secretario Municipal do concello de Bueu en xullo de 1925, cargo que ocuparía durante seis anos ata que o 20 de xuño de 1931

Crónicas do Teatro no Morrazo

pereira, as "Crónicas" amosarán ó longo de varios capítulos o dinamismo teatral da comarca do Morrazo, desde os albores do século pasado ata a actualidade, con colaboracións feitas por

estudiosos da historia local. Nesta sobre o período 1920-1929 en Bueu, Sánchez Cidrás destaca a inauguración do cine "Victoria", as veladas teatrais que seguen a xirar arredor da mestra Matilde Bares, e as compañías que

ao longo do decenio de 1920 pasaron polo salón: Róvert Martí, de Francisco Bautista, de Dopena o de Víctor G. Navarro. Eran compañías de varietés, zarzuela, cómicas e dramáticas.

--> VEN DA PÁXINA ANTERIOR

madrileños que o atenden, a solicitude de renuncia ao cargo de Secretario para "lograr a curación do meu esgotamento físico e mental, en forma absoluta y definitiva, é requisito indispensable que me absteña de efectuar traballos tan prolongados e intensivos como os que require o exacto cumprimento dos deberes anexos ao cargo de Secretario Municipal".

Co tempo seguiu traballando na administración do estado en Madrid onde chegou a ser nomeado como Secretario Xeral do Rexistro da Propiedade Industrial (BOE 24-12-1941).

A súa bibliografía como autor teatral: "Especialista en divorcios": xoguetes cómicos nun acto e en prosa, 1905 (coautor con Santiago Varréll). "En cabeza ajena": pasatempo en un acto y en prosa, 1911. "Los intelectuales": sainete nun acto, 1914. "El salero": entremés en prosa, 1915. "Cuarenta años después": entremés en prosa, 1916. "Lección de celos": pasatempo en un acto y en prosa, 1916. Estreada en Madrid anos antes da súa representación en Bueu.

A estas pezas habería que engadirle algunha máis que non chegaron ata nós ou que simplemente non foron impresas.

José M^a Estévez fai unha breve relación das obras ensaiadas baixo a dirección de Luís Buceta Mera: «Lección de celos» (de Buceta), «La virgen de la Roca», «Amor a oscuras», «Las campanadas», «Cuarenta años después» (de Buceta), «El gaitero», zarzuela, «La ocasión la pintan calva», «Na casa do ciruxán» e algunha máis.

En canto á música interpretada constátase que esta variou coas modas pero case sempre ao redor das mesmas persoas: Manuel Omil, Pararcha, Corrales, etc... e ao piano Esther López, Salvador Lago e as ir-



Cine Victoria, na rúa Eduardo Vincenti, á altura do coche. // Arquivo do autor



Cine Victoria, debuxo de Fernando Otero.

Eugenia e Amalia Bolívar. Coma cantantes, tenores, ... Lolita Pais, Josefina Vidal, Margarita Lis, Luís Novas, Salvador Santos (Buriño) e un longo etcétera de actores e compoñentes dos coros nestes anos: Carmen Barreiro, as irmáns López, Carmen Estévez, Concha Reboiras, Carmen Cortizo, Peregrina González, Josefa



Zarzuela "La del Soto del Parral" (1928). // Arquivo do autor

Carmen Cerviño, e en homes: José María Estévez, José López, Francisco Piñeiro (Fariña), Ricardo Gómez Buceta, José Bernárdez Santaclara (Pasaráin), Jacinto González, Quico (zapateiro), Emilio Ferradás, Eligio Barreiro, Francisco Gestido, José Mariño, Manuel Mundín e Julio Otero.

Destacar coma decorador a Ernesto Bao Curuxeira pintor de renome en Vigo, casado coa matrona bueuense Consuelo Garrido Vilas, o que, por máis dunha década, encargárase de pintar moitos dos decorados utilizados nas obras representadas e ata de actuar coma músico. Ao longo destes anos os prezos oscilaban: se era no cine Victoria de 1 a 1,50 pesetas da Butaca aos 0,50 e 1 pesetas de Xeneral. Mentres que se era noutro local a 0,50 pesetas a máis barata e 1 peseta a máis cara.

Outro elemento aglutinador de grupos de Teatro-Declamación de Bueu son as entidades deportivas como a Cultural Plus Ultra de Beluso e Bueu FC. ou recreativas e sociais como o Liceo-casino, Mercantil e Recreo Gimnasio de Artesanos de Bueu que amparan e nutren a estes cós directivos, socios, amigos,...

Exemplo disto o temos na velada teatral no cine Victoria, en outubro do 1927, a beneficio do campo de deportes do Bueu FC. e nas que o Cadro de Declamación da entidade puxo en escena cinco obras na que destacaríamos dous diálogos en lingua galega titulados «Gregorio» e, sobre todo, «Match internacional» do vilagarcían Manuel Rey Posse na que "reflectía o acontecido nun partido de football entre un equipo inglés e outro de Vilagarcía" e hai quen a considera "un precedente do máis recente 'Oé, oé' de Vidal Bolaño que tamén ten a este deporte como eixo da trama".

Esta obra tamén foi interpretada, 24 de maio de 1928, nunha velada celebrada en Beluso en favor da Sociedade Deportiva Beluso. O programa ofrecido nese día contaría na 1ª parte cunha Sinfonía interpretada pola orquestra, o monólogo enxebre «Match Internacional», a zarzuela nun acto «La estatua de Pablo Anchoa» e un Fado cantado pola señoritas do cadro de declamación. A 2ª parte incluíría o duelo cómico e ronda de namorado da zarzuela «La del Soto del Parral», uns cuplés interpretados por Rosa Mariño, os coros da zarzuela «Sol de Sevilla» e a intervención dun Coro Galego.

■ **As persoas** que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com

BICHERO

Título de manipulador de productos fitosanitarios



Luis Davila

--> CONTINÚA O VINDEIRO DOMINGO

Crónicas do Teatro no Morrazo

Os grupos bueenses afeccionados ao teatro poucas veces representaron fóra as súas obras. Como exemplo, temos constancia de que si o fixeron o Cadro de Declamación Fútbol Club,

no veciño concello de Cangas o sábado 7 de abril de 1928 "con grande éxito a pesar do mal tempo". Exemplos de representación de grupos doutros concellos en Bueu tamén os hai, aínda que sexa tamén de

forma esporádica, como os grupos de Cangas que polos anos 1930 actuaron no salón Paraíso da Graña con actuacións como «Genoveva de Bravante» onde se cantaba, entre outras can-

O teatro en Bueu 1900-1960 (III)

Na II República convivían os grupos de teatro-declamación con outros xurdidos nas Sociedades obreiras

ARTURO SÁNCHEZ CIDRÁS (*)

No 1930 houbo polo menos catro funcións benéficas no salón Victoria en favor do Ropeiro escolar. Todas as actuacións foron postas en escenas polo alumnado das escolas nacionais da vila coordinados principalmente polo mestres Novío, González García, Durán e González San Pablo. Nas primeiras veladas actuaron María Álvarez cantando uns cuplés, seguida do coro composto por Rosa Chapela (de chula castiza) e as nenas Rosa López, Concepción Pereira, Emilia Ferradás, Avelina Portela, Angélica Rodríguez, Carmen Lombardero, Josefa Loira, Amancia Domínguez e Asunción Portela. Logo púxose en escena un xoguete cómico escrito expresamente para esta función que foi interpretado polas nenas Consuelo Ferradás (6 anos), Aurora Vidal (7 anos) e Filomena Domínguez (8 anos). Pechouse o programa con outro coro formado por: Carmen Pastoriza, Sinda Prieto, M^a Luisa del Valle, María Pérez, Consuelo Ferradás, Erundina Estévez, Filomena Domínguez e Carmen Otero.

No mes de maio dese mesmo ano volve a ensaiar o Cadro de declamación do Bueu F.C. logo "dunhas longas vacacións" e comezan a anunciarse para unha función a celebrar o domingo oito de xuño.

Entre 1930-1936, sobre todo no período da II República, no concello de Bueu convivían os grupos de teatro-declamación "de sempre" con outros xurdidos da man de Sociedades obreiras ou aglutinadas por algún destacado líder sindical, onde o "drama social" era uns dos xéneros ou subxéneros máis requiridos. Ao longo deste tempo nas veladas de Beluso temos dous elementos diferenciadores do visto ata agora. O primeiro xira ao redor da Sociedade Agraria "El Progreso" no local de Manuel Casaleiro coñecido coma 'Salón Guerra' e logo na 'Casa do Pobo' e o segundo, máis ideoloxizado, da man de José de la Torre López, militante activo do Partido Comunista e presidente da 'Sociedade de canteiros e oficios varios de Bueu' no seu taller de carpinteiro de ribeira na Praia de Beluso.

Os ensaios e representacións servían como elementos de atracción e de cohesión non só entre os membros/actores senón entre todos os compoñentes da entida-



Cadro Declamación Bueu F.C.-1930. // Arquivo Carmen Santos

FICHA PERSONAL

■ Arturo Sánchez Cidrás é veciño de Bueu e foi mestre no colexio de A Pedra. É un dos maiores coñecedores e investigadores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e un blog sobre historias da vila [acidras.blogspot.com.es]




Cartel da homenaxe a Matilde Bares. // Arquivo autor

de ou grupo político que daba acubillo. No mesmo local pasaba películas de 9,5 mm. cun proxector de cine "doméstico" Pathé Baby, case todas de propaganda, facilita-



Texto de "Perros y gatos"-1930. // Arquivo do Carmen Santos



Telegrama do gobernador autorizando a velada-1933. // Arquivo M. de Bueu

das polo Partido Comunista.

Constatar que no 1932 houbo unha grande función benéfica coma Homenaxe á Dona Matilde Bares na que a Compañía de teatro

"Agrupación Madrid" actuou desinteresadamente e puxo en cartel, entre outras, dúas obras de teatro: o drama "Amor de madre", de Ventura de la Vega e o xoguete cómi-

co "Los apuros de Armandino", dos irmáns Álvarez Quintero. Onde os personaxes principais estaban interpretados por Julia Cisneros e Mariano Menéndez. Cos cartos recadados pensaron mercar unha placa para unha rúa co seu nome.

Ao longo do 1933-35 vese certa actividade na parroquia de Beluso de man da Sociedade "Xuventude Católica", que por esas datas dirixía Francisco Lago Carballeda, aos que o gobernador civil autoriza veladas no seu local social (aínda que non lles permitía celebrar a festa na honra do seu patrón).

Do 1936 ao 1939 apenas houbo actividade teatral en Bueu pois, se no teatro profesional nótase a crise da contenda nacional, no afeccionado os permisos gubernativos e os medos aniñan un tempo esta actividade. De feito neste período a única velada teatral da que temos constancia é a do domingo 2 de febreiro do 1936 cando no Salón Paraíso a Agrupación Socialista de Marín puxo en escena dous monólogos, "Libertad" e "Alma rusa", e o drama "Justicia".

A finais do 1939 un fito como é a inauguración do cine Imperial localizado no edificio 'Fazás' (actual sede de Abanca en Bueu) axuda a que, de novo, xentes da localidade volvan a tomar a batuta e que sexa o teatro o que serva de punto de encontro entre o espectador, que se achega a el coma evasión, e as clases podentes que o fan tamén como fonte de cultura e diversión. Neste cine temos, nos primeiros meses de 1940, actuacións nos que interveñen actores xa coñecidos coma Salvador Lago Carballeda e outros novos coma Amador Lorenzo, Américo Otero...

No 1943-1944 había unha agrupación de mozas do lugar de Pitis que representaban, nun local da zona, pequenas pezas teatrais dirixidas por Rosa de Claudina e Amelia de Cristina. Algunhas da compoñentes deste grupo eran Aurora González, Benita Santos 'Chita', Adelina de Piris, Norma e Olga de Peinado, Maruja e Carmen 'de Pica', Mery Fazzina,...

Ambos grupos uníronse e ensaiaban na praia de Beluso dirixidos por Salvador Lago Carballeda, que era axudado nesta tarefa por José M^a Estévez Castro. O curioso desta xuntanza de grupos é que nunca chegaron a representar as obras preparadas pois cando o ían facer o director tivo que partir cara a Arxentina para facerse cargo dun herdanza que o retivo naque-

Crónicas do Teatro no Morrazo

cións o «Coro de las Espigadoras». O historiador Arturo Sánchez Cidrás amosa nesta terceira entrega das "Crónicas do Teatro no Morrazo" a actividade teatral en Bueu entre os anos

1930-1960, nunha etapa na que se abriu o Cine Imperial. Coordinadas polo director teatral e da Revista Galega de Teatro (RGT), Antón Lamapereira, as Crónicas amosarán ao longo de varios capítulos o dinamismo

teatral da comarca do Morrazo desde os albores do século pasado ata a actualidade, con colaboracións feitas por estudosos da historia local.

---> VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

las terras bastantes meses. Cando volveu Salvador Lago Carballal seguiu organizando outras obras de teatro e declamación e ata óperas no salón de Guerra de Beluso.

En case todas as épocas a confección do vestuario utilizado nas veladas teatrais seguen pautas semellantes, como é a intervención directa das mulleres do grupo que se encargaban de adaptar ou elaborar o mesmo coa excepción de que se algún dos traxes era "algo especial" o facía unha costureira ou xastre amigos dos actores.

Nesas mesmas datas de 1943 inaugúrase outro local como é o Cine Avenida, cun escenario e unha platea con posibilidade de grandes eventos e representacións que será o referente no Concello de Bueu a partires de agora. Aínda que de cando en vez había actividade teatral noutros locais como é o caso dos celebrados no baixo da carnicería de David na Banda do Río organizadas pola entusiasta Florentina Lorenzo.

Así temos aos mesmos actores anteriores presentando, no salón Avenida, un xoguete cómico en dous actos, obra de Pedro Muñoz Seca e Pedro Pérez Fernández, titulada "Un drama de Calderón" moi do gusto das xentes e menos do director, Salvador Lago Carballal, que gustaba máis das pezas dramáticas do propio Calderón de la Barca, pola sensibilidade para a posta en escena dos personaxes e, sobre todo pola música coa mestura temática do barroco: amor, honor e relixión.

Para reforzar a parte musical participaba o grupo CHERSOMC, acrónimo dos nomes dalgúns dos seus compoñentes: Chiño Portela, Enrique Ríos, Rosendo Corral, Sergio Rodríguez, Manuel Omil, Manolo 'da Crega', José Cerviño, José Nores, Manuel Vizoso, Jaime Portela Bravo, José Lorenzo "Chita" (panadeiro que sempre facía papeis de cómico ou de muller), Amador Lorenzo, Mario Escribano, José Chapela, Constante Quintela, etc.

Cine Imperial, novo punto de encontro

Estaba localizado no edificio "Fazáns", actual sede de Abanca na localidade



Grupo de Chersomc. // Arquivo Irmáns Estévez Mosquera



Cine Avenida. // Debuxo de Fernando Otero



Cine Imperial. // Debuxo de Fernando Otero



Manuel Omil e Fita Mariño-1947. // Arquivo do autor

Cine Teatro Avenida - Bueu

GRAN VELADA TEATRAL

El ____ de Marzo de 1947

- 1.º SINFONÍA, por la orquesta.
- 2.º El juguete cómico en dos actos, de Muñoz Seca y Pérez Fernández

Un drama de Calderón

— REPARTO —

MARY	Fita Mariño
SIMONA	Rosa Mariño
PETRA	Maruja Estévez
JORGE	Amador Lorenzo
CALDERÓN	Manuel Vizoso
MIQUEL	Manuel Omil
LUIS	José Lorenzo

- 3.º El cuplé del maestro Castellanos, cantado por Pilar Rodríguez

BAJO MI CIELO ANDALUZ

- 4.º Canción de cuna, de Kaps, interpretado por el coro

DUÉRMETE MI CLAVEL

- 5.º Del maestro D. Vasin, el gracioso dueto cómico, ballado y cantado por la pareja internacional RUPERTO y PACHITA

POR UN BESO DE AMOR

- 6.º Vals ballado por el coro y cantado por Josefa Castro

REPITE GUITARRA (de Kaps)

Los coros estarán compuestos por Josefa Castro, Luisa Ríos, Josefa Mariño, Maruja Estévez, Josefa Piñeiro, María Dolores Cerviño, Pilar Rodríguez, Carmen Ríos y Rosa Mariño.

A las nueve y cuarto

Cartaz de 1947 no Teatro Avenida. // Arquivo do autor

Pola parte feminina: Rosa e Fita Mariño, 'as do Globo', 'as do Son', Teresa Portela, Marujita Estévez, Lelucha de la Torre (coma soprano), Rosa Miranda, Soledad Novas, etc. Todos formaban parte do elenco de actores, dos músicos ou do coro.

No 1946 aparece na revista quincenal 'Cartel' un pequeno artigo coa noticia da desaparición da agrupación 'Martín Codax' de Vigo co título 'Adiós al teatro de aficionados'. Nel comeza lembrando que "Houbo un tempo en que Galicia, todas as súas cidades, eran fervedoiros de afeccionados

ao canto e ao teatro" e que non había rexión en España con tantas Asociacións dedicadas a iso ata que "foi lentamente resentíndose, e morrendo na indiferenza, no esquecemento... [...] Só quedanos a evocación, o recordo e a pena... e o consolo mínimo de reproducir hoxe tres fotos...". As fotos, cunha calidade de impresión mala, son do estreo en Bueu, anos antes, de "El ávaro" e "A fiestra valdeira", de Dieste.

Ata finais dos anos 1950 a actividade teatral mantívose con altibaixos para logo ir dando paso a un decenio onde os grupos locais

organizadores destes eventos pasaba por:

*Agrupación coral "Agarimos" que completaban as veladas coa intervención do coro, da rolda e Cadro de Declamación

*Funcións teatrais da 'Acción Católica' organizadas baixo a dirección do capelán da igrexa de San Xosé (logo cóengo en Santiago e delegado episcopal de Peregrinacións), D. Jaime García Rodríguez. Representáronse polo menos tres obras, da serie Teatro Moral, como o xoguete cómico dun acto e prosa arranxado do francés por Nonato Ovejuna Inia titulado

"Hambre atrasada" na que actuaban os rapaces Eugenio Otero Freire, Agustín Gutiérrez Estévez, Salvador Gelpí, Orencio Riobó,...

*Sección Feminina de Falanxe, que máis que organizar participaba co grupo de danza nos entremedias dos cadros escénicos, poesías, etc. da 'Agrupación San Xosé' que dirixía D. José Pena Collazo.

■ *As persoas que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com*

---> CONTINUÁ O VINDEIRO DOMINGO

Crónicas do Teatro no Morrazo

O historiador de Bueu Arturo Sánchez Cidrás retorna as Crónicas do Teatro no Morrazo cun novo período na vida teatral desta vila, entre os anos 1960-1975. Nesta

etapa organizábanse festivais na esplanada da Capela San Xosé na honra aos veraneantes. Hai constancia na parroquia de Beluso dunha velada celebrada no 1964 no local da Casa do Pobo. A comi-

sión de festas de Beluso decide organizar unha velada teatral no Salón Guerra que aínda perdura na memoria dalgúns o ben que recitaba Carlos Fraga aquel "Airiños, airiños".

O teatro en Bueu 1960-1975 (I)

O teatro afeccionado xira en torno a "Acción Católica" con funcións baixo a dirección do capelán de San Xosé, Jaime García

ARTURO SÁNCHEZ CIDRÁS (*)



A actividade de teatro afeccionado dos anos sesenta do s. XX en Bueu bebe da man da 'Acción Católica' con funcións teatrais organizadas baixo a dirección do capelán da igrexa de San Xosé, D. Jaime García Rodríguez (logo gozou de gran predicamento como cóengo en Santiago e delegado episcopal de Peregrinacións). Con el representáranse polo menos tres obras, da serie Teatro Moral, como o xogueto cómico dun acto e prosa arraxado do francés por Nonato Ovejuna inia titulado «Hambre atrasada» na que actuaban os rapaces Eugenio Otero Freire, Agustín Gutiérrez Estévez, Savador Gelpi, Orencio Riobó, Gonzalo Calviño Vidal,...

O testemuño na actividade cultural tómao a Agrupación San Xosé que dirixía o seu fundador D. José Pena Collazo. Un exemplo do tipo de veladas ofertadas por esta Agrupación témolo o sábado 21 de decembro de 1963, no cine Avenida, neste caso co-organizada pola 'Acción Católica' parroquial coa finalidade de recadar fondos para o Corpus seguinte. Puxeron en escena a zarzuela «La estatua de Pablo Anchoa», obra que xa fora representada había 35 anos nun local da parroquia de Beluso, interpretada por Diz (Pablo Anchoa), Braulio Calviño (Alcalde), Manuel Cordero (Escultor), Berto Barreiro (Municipal), os irmáns Chapela, etc. Os decorados foran pintados por Deolindo Alfonso Delgado. Tamén actuou o coro S. Xosé acompañado ao acordeón por Julio Villanueva Pousada. Os máis rapaces representaron e cantaron unha pequena obra titulada «Los Monaguillos», na que actuaron Fernando Otero, José Manuel Gómez, Manuel Agulla e outros. Logo houbo un concerto da mesma coral interpretando diversas cancións de famosos compositores Palestrina, Perossi, Arcadelt, etc. Tamén actuaron os Coros e Danzas da Sección Feminina e un grupo de nenos escenificaron diversas cancións.

Posteriormente repetiron o Festival no Salón Guerra de Beluso.

Dende este ano 1963 e ata primeiros dos setenta a mesma Agrupación deu en organizar, o primeiro ou segundo sábado do mes de agosto, un Festival na esplanada da Capela San Xosé na honra dos veraneantes.

Algunha vez desprazáronse aos pobos da contorna como cando actuaron en Moaña, pobo natal do director José Pena, o día de Nadal de 1964 no festival benéfico en favor dos familiares do pesqueiro Cento-



Unha escena da zarzuela "La estatua de Pablo Anchoa" no ano 1963. // Fotos: Arquivo Fernando Otero



Outro momento da representación de "La estatua de Pablo Anchoa".

leira que naufragara na ría ese ano.

Na parroquia de Beluso, na primavera do 1964, hai constancia dunha velada celebrada no local da Casa do Pobo que por esas datas estaba a ser utilizado pola igrexa para actividades parroquiais. Unha destas actuacións comezou coa "fantástica recitación de Ángel Ferreira, coñecido como 'Lito o Portugués' do poema «El borracho y el eco» de Francisco Añón".

"Noche oscura y tenebrosa
Tan achispado iba Antón
Que cayó de un tropezón
En la senda borrascosa

FICHA PERSOAL

■ Arturo Sánchez Cidrás é veciño de Bueu e foi mestre no colexio A Pedra. É dos maiores coñecedores e investigadores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e un blog sobre a historia da vila (acidras.blogspot.com.es).

Lanzó un recio juramento
Diciendo: ¿quién se cayó?
Y en la pared del convento
Resonó el eco;



"Los monaguillos" (ano 1963).

-YOOOOOOOOO...
....."

Continuou o acto coa obra cómica «6 retratos, 3 pesetas» onde o papel de fotógrafo foi interpretado por José Ramón Álvarez Calleja 'Anguían' e a dirección correu a cargo de Carlos Fraga.

Ao ano seguinte a comisión das festas de Beluso, presidida por José Casaleiro Domínguez e estando como secretario José Estévez, decide organizar unha velada teatral no salón Guerra para recadar fondos para a mesma. Desta velada aínda perduran na memoria de algúns o ben

que recitaba Carlos Fraga aquel "Airiños, airiños aires" ou a actuación da coral cantando o "Himno de San Campio" ou da obra teatral na que un xuíz, José Estévez Porto, era o protagonista acompañado doutros actores como José López Ferradás "Pallal", Emilio Portela, Luz Portela, Cruz.

■ *As persoas que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com*

—>> CONTINÚA O VINDEIRO DOMINGO

Crónicas do Teatro no Morrazo

O historiador de Bueu Arturo Sánchez Cidrás retoma as Crónicas do Teatro no Morrazo cun novo período na vida teatral da vila buenense, entre 1960-1975. O 20 de maio

de 1967 a Agrupación San Xosé organizou unha velada no cine Avenida coa actuación de "Los Mismos" de Cangas, o coro e unha obra teatral. A prensa escrita recolle o VI Festival do Vrao de Bueu o 9

de agosto protagonizado por mozos do tamén Coro San Xosé. Coa desaparición do Cine Avenida nos 70, as actuacións resentíronse e o epicentro está nos centros educativos.

O teatro en Bueu 1960-1975 (II)

A actividade teatral céntrase no Cine Avenida e cando desaparece o epicentro estaba nos centros educativos

Arturo Sánchez Cidrás*



Chegamos ao ano 1967 onde a Agrupación San Xosé organizou no cine Avenida unha velada o 20 de maio, na que houbo unha actuación de 'Los Mismos' de Cangas, o coro San Xosé e unha obra teatral polos actores C. Pereira, José Diz, P. Chapela e Jaime Pereira (José M^a Estévez 1996; 275). E nese mesmo ano de 1967, o 5 de agosto, puxeron en escena unha das cinco pezas das "Andrómedas" do monfortino José Ibáñez Fernández titulada «O Esmoleiro». No festival do ano 1968, celebrado o 10 de agosto, houbo actuación do coro S. Xosé; tamén participaron os conxuntos "Los Ciclones", de Moaña, e "Los Dingos" de Bueu (Luisito de Catalina, Seso Portela, José Manuel Lis, Carlos Pastoriza e Paco R. Pastoriza); logo os coros e danzas da Sección Feminina recrearon "A fiada"; Fernando Otero recitou un poema de Rosalía de Castro; Julio Villanueva Pousada tocou co acordeón e tamén actuaron as Irmás Hernández, de Madrid, que veraneaban en Bueu por esas datas.

O presentador

Antonio Lirón era un habitual na tempada de festivais de verán

Nos colexios de Beluso e Virxe Milagrosa representouse "Pra vivir ben casados"

Do "VI Festival do Vrao" celebrado o 9 de agosto de 1969 a prensa escrita faise cun titular a dúas columnas "Éxito dun Festival". Resalta que é "organizado e protagonizado por mozos traballadores" e que estes tamén forman o Coro S. Xosé "coñecido en todo o Morrazo". Tamén destaca a actuación de Coros e Danzas da Sección Feminina local acompañada dos seus gaiteros e do, xa habitual nestes festivais, presentador Antonio Lirón Escalona que era un habitual na tempada de verán en Bueu.

Nesta época, das agrupacións profesionais de fóra temos referencia, finais de xuño de 1971, do "Teatro eslava" que actuou na explanada do porto de Bueu.


As representacións teatrais, a par-




Representación da obra de Leandro Carré Alvarellos "Pra vivir ben casados". // Arquivo José A. Agulla



Festival San Xosé en 1968. // Arquivo FO Candil



Cartel-1967. // Arquivo Fernando Otero



Os veciños Emilio Portela, José Estévez e José López. // Arquivo José Estévez Porto

tir dos anos 70 do século pasado, coa desaparición do cine Avenida, resentíronse na súa grandiosidade

pois os locais da Antiga Casa de Cultura, Centros Educativos, Casa do Pobo de Beluso, etc. teñen reducidos

escenarios, coa excepción do IES Jhohán Carballeira e o Centro Social do Mar que son de tipo medio.

FICHA PERSONAL

■ Arturo Sánchez Cidrás é veciño de Bueu e foi mestre no colexio A Pedra. É un dos maiores coñecedores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e un blog sobre a historia da vila (acidras.blogspot.com.es)

Pero a actividade teatral tamén ten o seu epicentro noutros centros educativos de infantil, primaria e secundaria, uns máis que outros, pero todos deron en organizar obradoiros e pequenas representacións teatrais. O Nadal, Letras Galegas e Fin de Curso son as efemérides a celebrar con actividades, entre outras, teatrais.

En ocasións serían as ANPAS, ou persoas vinculadas con elas, as que subvencionaban representacións ou obradoiros teatrais nos mesmos centros educativos; e, ás veces, eles mesmos formaban grupo e representaban algunha obra. Exemplo disto o temos no curso 1975-76 na que o grupo formado por Agustín Gutiérrez, Francisco del Río, Carmen Loira, María López e Carlos 'Campos', dirixidos por José Antonio Agulla representan no colexio de Beluso e no da Virxe Milagrosa de Bueu a obra de Leandro Carré Alvarellos titulada "Pra vivir ben de casados".

■ *As persoas que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com*

—>> CONTINÚA O VINDEIRO DOMINGO

Crónicas do Teatro no Morrazo

Como xa quedou comentado nos artigos que serviron de introdución ao decenio 1975-85, a actividade teatral, como con moitas outras cousas no país, tivo un punto de in-

flexión coa morte de Franco sobre todo polos incipientes cambios de modernidade na sociedade. Cambios que tamén se poden observar na actividade de nacionalista e de defensa do noso idioma cun im-

pulso cada vez máis visíbel como a de tomar posicións na divulgación do seu ideario en moitos pobos da nosa xeografía. E para facer partícipes das súas mensaxes a unha parte da

O teatro en Bueu 1975-1985 (I)

As asociacións culturais como Libreiro, es as de pais nos tres novos centros educativos, fomentan a actividade teatral na vila

ARTURO SÁNCHEZ CIDRÁS
(*)



Unha das primeiras asociacións culturais nadas en Bueu por estas datas foi a Asociación Cultural Libreiro, que se presentou oficialmente como tal nun acto celebrado no Colexio Público de Bueu o 1º de maio de 1976. Nese Festival actuaron conxuntos e cantantes agrupados baixo a denominación de "Movemento popular da canción galega". Posteriormente organizouse un ciclo de conferencias e actuacións musicais como a de Nemeton (1976-78), grupo folk fundado por tres mozos bueuenses: Emilio Rodríguez Miranda (Voz, guitarra acústica e española, frauta doce), Miguel Agustín Pouso "Tinso" (Zanfona, guitarra acústica e española) e Isidro Cortizo del Río (Voz, guitarra acústica e española e pandeiro) e algunha vez acompañounos Fito (Adolfo 'O Chino'). Actuaron nunha chea de lugares e escenarios facendo moitas veces de teloneiros doutros grupos ou cantautores relevantes coma Fuxan os Ventos, Amancio Prada, Suso Vaamonde, etc.

Ao longo do ano 1977 os membros da Asociación Libreiro continuaron coa dinamización nas súas actividades, entre elas a teatral. Un exemplo foi cando trouxeron ao grupo de teatro de Noia 'Candeia' que veu co seu fundador e director Xosé Agreló Hermo para representar na Lonxa de Bueu unha obra sobre a emigración titulada «Metá e metá» da que o mesmo Xosé Agreló era o autor.

Os tres grupos escolares

No curso 1971-72 sería un fito relevante no mundo educativo e da cultura bueuense a inauguración de tres grupos escolares nas parroquias de Bueu, Beluso e de Cella. As escolas unitarias espalladas por todo o concello foron agrupadas no centro da súa área de influencia. Tras uns anos de adaptación á nova realidade grupal, as actividades dos distintos centros foron achegándose ao mundo do teatro da man do profesorado ou coa axuda dun novo movemento asociativo como eran as Asociacións de Pais (APA, hoxe ANPA).

O inicio destas actividades, como xa comentamos no artigo anterior, o deron persoas pertencentes á directiva das ANPA de Beluso e da Virxe Milagrosa de Bueu



Grupo de folk Nemeton, fundado por tres mozos bueuenses: Emilio Rodríguez Miranda, Miguel Agustín Pouso "Tinso" e Isidro Cortizo. // Arquivo José A. Agulla

FICHA PERSOAL

■ Arturo Sánchez Cidrás é veciño de Bueu e foi mestre no colexio A Pedra. É un dos maiores coñecedores e investigadores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e un blog sobre a historia da vila (acidrass.blogspot.com.es)

co a representación en ambos centros, no curso 1975-76, da obra de Leandro Carré Alvarellos titulada

«Pra vivir ben de casados».

No grupo escolar de Bueu dende o ano 1977 ao 1983 a actividade teatral tamén é guiada pola APA

pero os protagonistas son os alumnos. O director era Gonzalo Calviño Vidal coa axuda de Jaime Pereira e a colaboración, no deseño dos escenarios, de Manuel Castilla e Fernando Macías. Eran tempos nos que o escenario artellábase sobre táboas soportadas por pupitres!

A actividade estaba, inicialmente, destinada aos alumnos de 7º e 8º de EXB e, ao longo do tempo,



Nemeton actuou no festival de presentación da Asociación Cultural Libreiro. //



Grupo Nemeton nun cadro de Agustín Pouso. //

participaron entre outros alumnos Salvador Castro, Margarita Macías, Begoña Otero, Jose Manuel Resille, Eugenio del Río, María Swartz,....

Unha das obras representadas, curso 1977-78, atopámola en «Folhas Novas de Rosalía» de Castro, na III parte titulada «Varia», no que o primeiro poema «H'hai peor me-

ga que unha gran pena» foi fácil de adaptar para poder ser representada dada a súa estrutura e contexto. E comeza así:

-Marianiña, vaite ó río.

-Deixá, ña nai, que aquí estea, que eu non vexa a luz do día,

que a luz a min non me vexa.

-¿Qué estas dicindo, rapaza...?

-Que onte á mañán na devesa

a iaugua se tornóu roxa cando me fun lavar nela;

No curso seguinte viría «A tía lambida» de Eduardo Blanco Amor; seguida doutras representacións como «As laranxas máis laranxas de todas as laranxas» de

→ PASA Á PÁXINA SEGUINTE

Crónicas do Teatro no Morrazo

poboación de forma máis ou menos aberta e, á vez, sortear as aínda férreas trabas burocráticas e lexislativas, recorreuse á creación de Asociacións Culturais que irían tratando de

tomar as rendas do dinamismo asociativo e cultural. O historiador Arturo Sánchez Cidrás relata unha nova etapa do teatro en Bueu, entre 1975-1985. Nace a Asociación Cultural Liboreiro e inaugúranse tres

grupos escolares nas parroquias de Bueu, Beluso e Cela. O teatro achégase ós centros da man do profesorado a dun movemento asociativo novo: as Asociacións de pais.



O grupo de teatro de Noia "Candea", dirixido por Xosé Agrelo Hermo, representou na Lonxa de Bueu a obra sobre a emigración "Metá e metá". // Ramón Carredano, cofundador de Candea

→ VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

Carlos Casares, «Pista ou Peste?» de Manuel Daniel Varela Buxán, «Farsa das zocas» e «A árbore» de Ricardo Carballo Calero, etc.

O colexio de Beluso

Como exemplo da actividade teatral nesta década nos centros educativos que, dende un inicio viñeron da man do profesorado, temos o Colexio de Beluso. Na que cada ano se representaban dúas ou tres obras. Algunhas delas foron «El médico a Palos» e «El en-

As Apas guiaron a actividade teatral nos centros escolares

O escenario artellábase con táboas soportadas por pupitres

ferno imaginario» de Molière, «Os vellos non deben namorarse» (os tres lances) de Alfonso R. Castellao, «Farsa y Justicia del corregidor» de Alejandro Casona (que escribira para o grupo "Teatro del Pueblo" das coñecidas Misións Pedagóxicas) ou, de Manuel Daniel Varela Buxán «De Mulleres... Non me Fales» e «Os Casados de Pouco».... Esta última fora premiada pola Consellería logo de ser representada polo alumnado na Radio Televisión Española en Galicia no programa "A Escola, algo máis que as matemáticas".

E esta non sería a última vez que os nenos deste centro levaran ás ondas o seu bo facer. Aínda hai que lembrar o curso 1985-86, do



Equipo que representou "Pra vivir ben de casados": José A., Paco, Carmen, Agustín, Carlos e María. // Arquivo José A. Agulla



Grupo de "Pista ou Peste?": Martín, Jorge, Eugenio, José Manuel, Rosa, M^o José, María, Agustín, Bea, Verde e o director Gonzalo Calviño. // Arquivo do autor

seu paso polo programa de radio "A Radio máis nova", presentada e dirixida por Xulio Xiz e que tiña por obxectivo achegar a actividade radiofónica aos rapaces. Cada semana emitíase desde un colexio distinto de Galicia, no que

os alumnos abordaban un determinado tema diante dos micrófonos. A actuación do alumnado da parroquia de Beluso a tituláron "O Fiadeiro" porque era o nome da revista escolar deste centro.

■ *As persoas que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com*

"Collestes os panos da man?", comezaba "Metá e metá"

A Asociación Liboreiro de Bueu dinamizou as súas actividades culturais, entre elas a teatral. Trouxo ao grupo de teatro "Candea", de Noia, que representou na Lonxa de Bueu unha obra sobre a emigración que titulábase "Metá e metá". A representación comezaba deste xeito:

ROSA.- Collestes os panos da man?

ANDRÉS.- Collín, muller collín. Deixa agora iso. Atópaste ben? Vas ser valente como me dixestes? Non vas chorar?

ROSA.- Non... non... comerás o bocadillo no avión. Non te fíes da comida que che dan. Disque é moi mala.

ANDRÉS.- Pero, Rosa, se dentro de tres horas estou alá...

ROSA.- Xa sei, xa sei. pero ti es moi comedor.

ANDRÉS.- Que saberás ti se hai quince días que casamos!

ROSA.- Si, hai quince días, non hai dereito...(chora).

ANDRÉS.- Iso non... lembra o que me prometestes...

ROSA.- Perdo... pero se o banco che prestase os cartos para o tractor, non terías que marchar...

ANDRÉS.- Xa sabes como son os bancos. Déixanlle os cartos a quen xa os ten. Andá, non fales diso, esgota. Escribíramos.

ROSA.- Todos os días! E ti tamén.

Crónicas do Teatro no Morrazo

As Crónicas do Teatro no Morrazo comezaron na anterior entrega unha nova etapa, xa centrada plenamente na actividade teatral na década comprendida entre 1975

e 1985. O profesor e historiador Arturo Sánchez Cidras abordaba na primeira entrega a importancia e o traballo dos colexios da vila, as asociacións de pais e nais de alumnos e agrupacións culturais

como Liboreiro. Nesta segunda achega, coa que se conclúe a presentación do panorama e escena teatral no municipio durante esta década, o autor comeza analizando o

O teatro en Bueu 1975-1985 (II)

Os grupos de catequeses foron moi activos, aínda que na Semana Cultural das Letras soían vir compañías profesionais

ARTURO SÁNCHEZ
CIDRÁS (*)



Unha das primeiras obras representadas polo grupo que se deu en chamar A Dorna foi "Na casa do ciruxán", de Roxelio Ribeiros. Estreouse no Cine Avenida de Bueu pola festa de Corpus e, xa dirixida por Pepe Pais, foi representada na Praza do Teucro de Pontevedra dentro dunhas xornadas culturais na que tamén participaban outros grupos do ámbito relixioso pontevedrés compostos por persoas moi activas na cultura da capital. Tamén se desprazaron a outras vilas como Raxó e, noutros períodos, a Moaña, Cangas e ata Santiago de Compostela.

Difícil sería citar a todos os compoñentes dos diversos grupos de teatro da catequeses de Bueu por estes anos, pero algúns dos que comezaron esta actividade foron: Fidel Castro, Salvador Castro, Luis Cerviño, Mario Corredoira, Emilio Costas, Ataúlfo Cortizo, Margarita Macías, Teresa Padín, Loli Pais, Conchi Paz, José Manuel Ríos, Francisco Ruibal, Roberto Vidal, ...

Paralelamente a este grupo de catequistas houbo outro de rapazas e rapaces catecúmenos, coma Conchi e Loli Docampo, Mani Carballo, Agustín Juncal, Alejandro..., que participaron con pequenas obras.

Escasa axuda pública

E xa no eido institucional, a principio dos anos oitenta e a pesar dos incrementos significativos nos presupostos municipais destinados a Cultura (163.160 pesetas no ano 1980; 675.500 ptas. no ano 1981; e 888.000 ptas. no ano 1982...) a maior contía destinábase a subvencionar festexos, corais, asociacións e eventos deportivos. Soamente unha cantidade moi pequena, e case que puntual, ía destinada á actividade teatral a nivel municipal e esta practicamente cinguida ás Semana Cultural e Semana das Letras Galegas, lastradas tamén polo sobrecusto que supuña para as representacións o aluguer do Cine Avenida.

Para estes eventos traían grupos doutras vilas, normalmente profesionais, como no 16 de maio de 1980 data na que o grupo vigués Artello representou no Cine Avenida a obra infantil "Tarará, Chis-

O grupo profesional vigués Artello actuou dúas veces no antigo Cine Avenida



Imaxe do ano 1981 con Teresa Padín, Marga Macías, Loli Pais, Conchi Paz, José Manuel Ríos e Mario Corredoira. // Arquivo Mario Corredoira

FICHA PERSOAL

■ Arturo Sánchez Cidras é veciño de Bueu e foi mestre no colexio A pedra. É un dos maiores coñecedores e investigadores da historia de Bueu. Ten publicados varios libros e é responsable dunha web e un blog sobre a historia da vila, que se pode consultar no enderezo <http://bueu.ga>

"Pum" concibida "como un xogo de participación entre actores e nenos a partires da historia dun rapaz que quere ser pallaso e perde a súa risa...". Peza que xa recibira unha Mención especial nos Premios da Crítica-Galicia do ano anterior. A dirección estaba compartida por Artello e Ramón Rodríguez.

Este mesmo grupo actuou outra vez en Bueu no ano 1982. Puxeron en escena unha historia de piratas para todos os públicos



Unha representación de "Tarará, Chis-Pum", a cargo do Grupo Artello, no ano 1980. //

titulada "Mandatrúco!!!" na que o texto, escenografías, vestuario, música, iluminación e dirección eran do propio grupo Artello.

Nesta época poucas veces representaban grupos de afeccionados, se exceptuamos aos alumnos do Colexio San Narciso de

Marín ou aos dos centros educativos do concello e aos grupos de

Crónicas do Teatro no Morrazo

feito de que en Bueu, como en outras zonas da contorna, sería a Igrexa a que organice aos rapaces para ensaiar e representar obras de teatro. Así podemos constata-

lo dende o curso 1979 ata mediados da década dos anos oitenta. Comezaría esta nova andaina cos grupos de catequeses baixo a dirección do por aquel entón diácono Manuel Pérez Blanco. Cando

este marchou de Bueu, e para dar continuidade ao labor iniciado, fíxose cargo dos grupos José Carlos Diéguez Pais, máis coñecido como Pepe Pais.



Loli Pais, Paco Ruibal, Conchi Paz e Marga Macías nunha representación teatral datada no ano 1981. // Arquivo Mario Corredoira

O diácono Manuel Pérez Blanco dirixiu os ensaios e representacións dos grupos de catequese. // Arquivo Salvador Castro

--> VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

catequeses xa mencionados. As poucas actuacións con iniciativa institucional seguían a vir da man de profesionais como na Semana das Letras Galegas 1983 coa actuación, para o público infantil, patrocinada por Caixa Vigo e correndo o aluguer do Cine Avenida a cargo do Concello; ou como a compañía Teatro Popular Keyzán de Vigo dirixida polo seu fundador Maximino Fernández Queizán (Maximino Keyzán) que acudiu á Semana Cultural de Bueu en varias ocasións representando obras como "A raposa e as uvas", de Guilherme Figueiredo. Ou como o 9 de novembro de 1983, co patrocinio da Deputación de Pontevedra, cunha actuación no cine Avenida do grupo de Teatro A Farándula co seu espectáculo "Arroutadas", baixo a dirección de Eduardo Hernández Rúas. Esta sería unha das últimas actuacións desta compañía que fora fundada, entre outros, por Cándido Pazó.

Das representacións no ámbito relixioso temos constancia das realizadas polo alumnado do Collexio de Beluso. A primeira foi un cinco de xaneiro de 1984. Ao remate da cabalgata de Reis puxeron en escena na igrexa parroquial o "Auto de los Reyes Magos", considerada unha das pezas teatrais en castelán máis antigas. Ao ano seguinte representaron a égloga de Juan del Encina "Las grandes lluvias", onde uns pastores anuncian o nacemento de Cristo.

Os patrocinios

No eido profano e a partir dos anos oitenta vemos que a cooperación para patrocinar a actividade cultural foi diversa ao longo



Unha representación de "A raposa e as uvas" por Teatro Keyzán. // Foto de Xulio Gil



Cartel da función de "Mandatrucó". // Artello



O Grupo Artello presentou no ano 1982 a obra "Mandatrucó". //

do tempo pero case sempre constatamos que a maior contía recaía na Deputación ou noutras entidades como as Caixas de Aforros que por esas datas destinaba moitos recursos á 'Obra Social'. Exemplo da cooperación con estas entidades o temos na Semana das Letras Galegas 1984 na que actuou o Obradoiro de Monreques e Marionetas Tanxarina de Redondela repartíndose o patrocinio da mesma con tres cuartas partes dos gastos para a Caixa de Aforros de Vigo e cuarta parte restante para o Concello de Bueu.

■ *As persoas que desexen facer aportacións ou suxerencias a esta nova serie poden escribir ao correo cronicateatromorrazo@hotmail.com*